

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO CUARTA EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co **Concello de Ribadavia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o **17 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de accións relacionadas coa trixésimo cuarta edición da MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrará nesta poboación ourensá entre os días 14 ao 22 de xullo de 2018. Desenvolve a Mostra un amplo programa de representacións que abrirá con *Commedia, un xoguete para Goldoni*, que a compañía Contraproducións estrea co gallo do 25 aniversario deste paradigmático espectáculo do teatro galego, esbozando así un dos elementos condutores no deseño da programación desta edición da Mostra, *a commedia dell'arte*, e que se complementa pola aposta pola creación contemporánea internacional coa presenza de dous dos directores máis recoñecidos e prestixiados do panorama escénico mundial, Pippo Delbono e Thomas Jolly. Espectáculos procedentes de Italia, Portugal, México, Reino Unido e Uruguai compartirán cartel con representacións galegas e do resto do Estado (Valencia, Extremadura, Madrid, Cataluña, Andalucía e Asturias) dentro dunha programación na que terán tamén especial protagonismo as actividades paralelas deseñadas para esta edición e que combinan os ámbitos pedagóxico, experiencial e artístico, como os obradoiros ofrecidos pola directora Laila Ripoll ou as charlas e encontros sobre a profesión do escenógrafo a partir da exposición que albergará a igrexa da Madalena, "Tránsito pola escenografía española contemporánea".

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O Concello de Ribadavia vén organizando, como unha importante cita do eido escénico, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, un dos eventos máis importantes do sistema teatral galego recoñecido pola Xunta de Galicia co premio da Cultura Galega 2013 na modalidade de artes escénicas ao entendelo como o principal catalizador da refundación da escena galega na década dos anos 70 do pasado século. Nacida en 1973 da man da Asociación Cultural Abrente, a mostra foi adquirindo en cada edición unha maior envergadura ata se converter na cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

galego non só de Galicia senón tamén das comunidades limítrofes, que poden acceder deste xeito a propostas de prestixiosos artistas escénicos do panorama estatal e internacional así como ás creacións galegas máis innovadoras, na meirande parte dos casos consideradas estreas absolutas en Galicia. Consólidase, así, este evento como un importante foco de atracción e de dinamización socioeconómica de toda a comarca á vez que se fortalece o papel exclusivo e necesario que a Mostra cumpre no sistema cultural galego.

A Agadic e o Concello consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral galego a través da colaboración neste evento, que destaca polo seu firme compromiso e dimensión popular e educativa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

